



CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés

Plan Dixital

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIPP do Camiño Inglés
 Código da localidade 15888
 Código do centro 15032868
 NIF Q-1500404-G
 Teléfono 881996180
 Web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcaminhoingles>
 E-mail ceip.caminho.ingles@edu.xunta.gal

Nº UNIDADES ED. INFANTIL	Nº UNIDADES ED. PRIMARIA	PROFESORADO	
		DEFINITIVO	PROVISIONAL
4	10		
60 Alumnos/as	165 Alumnos/as	13	8

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso é un centro cunhas liñas de identidade claras e recoñecibles. A pesares de ter só 8 anos de existencia ou tal vez por iso mesmo, fomos quen de ir construíndo pouco a pouco o centro de desexabamos crear. Non podemos afirmar que chegamos aínda a ningún punto final, pero si podemos afirmar que somos un centro que pretende ser plurilingüe, dixital, saudable, aberto e comprometido; e todo iso a través da formación e a innovación educativas.

Dende o primeiro momento apostamos pola dixitalización e o traballo nas TICs. Así:

- *Participamos en Edixgal dende o primeiro momento que puidemos facelo.*
- *Utilizamos AbalarMobil dende hai anos.*
- *Utilizabamos a AV antes do COVID.*
- *Estamos no programa DIGICRAFT.*
- *Desenvolvemos un programa de Robótica Educativa en colaboración coa ANPA dende a creación do centro.*
- *Temos a nosa modesta emisora de radio, Radio Ü.*
- *Temos participado e gañado certames de creación de curtas coma "Nós tamén creamos".*
- *Participamos nos programas Proxecta "Cinema en curso" e "Fotografía en curso".*
- *Temos un Plan Dixital aprobado e en funcionamento dende hai 6 cursos.*

- *Utilizamos tablets de xestión da aula para o profesorado.*
- *Temos dous Espazos Maker no centro. Un máis avanzado na biblioteca. E outro máis "modesto" na zona de infantil.*

Entre outras cousas.

O difícil de todo isto é ser capaces de integralo nos distintos proxectos de centro e no desenvolvemento curricular do centro. Nos últimos cursos estamos vivindo non só neste centro, un gran avance neste campo. Puidemos constatalo a través dos distintos PFPP e nos programas internacionais nos que participamos.

A elaboración do novo Plan Dixital supón un aliciente engadido no noso compromiso por avanzar neste ámbito.

Durante estes últimos cursos tamén fixemos un esforzo por crear ambientes de aprendizaxe innovadores que queremos acompañar da metodoloxía e os recursos que nos permitan avanzar na competencia dixital da comunidade.

Durante este curso establecemos a elaboración deste Plan Dixita coma un dos obxectivos a perseguir por parte de toda a comunidade e así o deberá seguir sendo os cursos venideros. Tamén forma parte das nosas liñas de traballo no PFPP e nos programas europeos que desenvolvemos. Tamén fixemos a solicitude para formar parte dos chamados polos creativos.

Podemos polo tanto determinar que este Plan Dixital é consecuencia das nosas características como centro, das nosas intencións e traxectoria.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do noso centro, fundamentase nas seguintes disposicións legais:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración de este Plan seguiu as indicacións e planificación feita pola Xunta de Galicia. Deste xeito, a partires dos datos extraídos das avaliacións SELFIE e de Competencia Dixital Docente, e coa elaboración dun informe DAFO, estableceus a situación de partida a partir da que establecer obxectivos para a elaboración deste Plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *A infraestrutura dixital do centro é moi boa xa que é un centro de nova creación. A conectividade é de calidade tanto nas conexións canleadas coma nas sen fíos. Os pequenos problemas existentes polo ruído que xeraban os equipos foron recentemente solucionados.*
- *O equipamento dispoñible é moi amplo:*
 - *Catro aulas Edixgal con dous carros de carga.*
 - *Equipamento Digicraft.*
 - *26 PC na aula de informática biblioteca.*
 - *Ordenador e proxector en todas as aulas.*
 - *Dous equipos para uso do profesorado na sala.*
 - *Tablet para cada mestre/a para xestión da aula.*
 - *15 tablets para uso do alumnado.*
- *Páxina web do centro, E-dixgal, EspazoAbalar, Abalarmóbil, RRSS (Facebook, Instagram e Twitter), servizo compartido na nube para o profesorado.*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro está a cargo do equipo directivo e do coordinador/a TIC. Axúdanse dunha empresa externa que acode ao centro unha vez ao mes ou cando é reclamada.*
- *Hai unha xestión de incidencias compartida por todo o profesorado.*
- *Hai un rexistro centralizado para a xestión do equipamento TIC:*
- *Temos unha aula de informática-biblioteca, Espazo Maker con impresora 3D, Aula de Radio, Zona Maker Infantil (en construción).*
- *De maneira sinxela, o proxecto podería resumirse en:*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Ed. Infantil e Ed. Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,8
	Profesorado	4,3

	Alumnado	4,3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,7
	Profesorado	4,6
	Alumnado	4,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	4
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,1
	Alumnado	3,8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,7
	Profesorado	4,2
	Alumnado	4,3

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	13	61,5 %
INTERINO	3	3	100 %
OUTROS	1	1	100 %
PROVISIONAL	3	5	60 %
SUBSTITUTO	1	2	50 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,7	Integrador B1	76,4	Integrador B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	67,5	Integrador B1	68,2	Integrador B1
PRI	82,4	Integrador B1	77	Integrador B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	7	43,8 %

B1	6	37,5 %
B2	1	6,3 %
C1	2	12,5 %
TOTAL	16	100 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Si están actualizados os equipamentos e as redes. - Hai dispositivos dixitais para utilizar na labor docente. - Hai unha boa conexión a internet. 	Dificultade para levar un inventario e control do material tecnolóxico.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - As novas tecnoloxías son unha prioridade para o profesorado. - Existe unha reflexión sobre as necesidades formativas. - O profesorado participa na súa totalidade no PFPP. 	<ul style="list-style-type: none"> - Insuficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza. - Insuficiente utilización de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. - Deficiente adaptación das actividades ás necesidades individuais do alumnado. - Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación do alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado conta con dispositivos para levar a casa se é necesario. - O alumnado aprende a actuar de maneira segura na internet. 	- O traballo na aprendizaxe mixta dificultase nas idades máis baixas.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizan dende hai tempo ferramentas dixitais para comunicarse, participar e avaliar o centro. 	- Non existe un protocolo para detectar necesidades materiais nas familias relacionadas coas NNTT.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - O centro xa conta cunha estratexia dixital. - Desenvolvéronse liñas de PFPP relacionadas coas NNTT. - Participamos en Edixgal e Digicraft. - Participamos en Programas Europeos que implican a utilización de NNTT. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio do equipo directivo. - Comunicación coas familias de maneira regular e ben organizada. - Contamos cun repositorio de materiais en liña. 	-Falta de tempo do profesorado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Contamos cunha axeitada asistencia técnica externa. Os espazos físicos facilitan a aprendizaxe con tecnoloxías.	Non existe un axeitado sistema de protección de datos. Falta de tempo para o desenvolvemento de material.
	LEXISLACIÓN	Plantéxase a necesidade de elaborar un novo Plan Dixital.	Falta de coñecementos sobre dereitos de autor e licenzas.
	CONTORNA	O concello amosa boa disposición no apoio das familias con necesidades.	
	ANPA	Traballa a robótica e programación como actividade extraescolar.	
	OUTRAS ENTIDADES	Participación no Proxecto Digicraft de Vodafone.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

Neste momento, cremos que temos unha proposta organizativa que permite sacarlle partido a este tipo de actividades, se ben é certo que está en continuo cambio e evolución.

O noso equipo TIC está integrado nun dos catro equipos do centro. Está o profesorado máis interesado polas matemáticas e as tecnoloxías que coordinan ese espazo específico no corredor de primaria, o Espazo Maker e o Espazo de Construcións do patio de infantil. Cada grupo conta con alumnado de 5º e 6º de EP voluntario que colabora na xestión dos Espazos. Tamén coordina o uso da radio e a xestión dos ordenadores da biblioteca e as tablets e o resto de material TIC.

As actividades máis importantes que se realizan nestes espazos e con este material son:

- Programa Digicraft en toda a primaria.*
- Desdobres TIC en infantil.*
- Actividade de robótica extraescolar en coordinación coa ANPA Carboeiro.*
- Actividades de robótica en infantil.*
- Programas de radio integrados no currículo das distintas materias.*
- Programas de radio para alumnado motivado (o programa deportivo o máis alto do podio e radio 1485).*
- Uso de AV e Edixgal.*
- Integración de pezas audiovisuais nos proxectos dos distintos grupos.*
- Uso da impresora 3D nas propostas curriculares.*
- Utilización do espazo maker en momentos de lecer.*

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

No momento actual pensamos que os obxectivos a curto prazo poden ser os que están referidos nas táboas seguintes.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Pensamos que este equipamento segundo a organización que plantexamos anteriormente podería ser a necesaria para enriquecer as propostas do noso centro:

- Mesas poligonales para traballar en equipo.*
- Mesas de mestre/a portátil para espazo flexible.*
- Grada móbil para crear lugares flexibles de exposición.*
- Asentos colchoneta.*
- Monitor LED para o espazo audiovisual.*
- Cámara fotográfica compacta. A que temos é moi antiga.*
- Equipo de iluminación para o chroma. O problema é que só necesitamos os focos, o resto xa o temos.*

- *Gafas de RV. Non temos.*
- *Kit textil. Xa pensamos en adquirilo e pensamos que pode ser moi interesante. Carro de carga móbil para as tablets.*
- *Escaner 3D. Pedimos un prestado ao CAFI nalgunha ocasión e non o conseguimos. Sabemos que para primaria pode ser un luxo pero de seguro que lle sacariamos partido. De feito, algún traballo deste tipo nolo fixo a Axencia Galega de Innovación. En fin, interésannos moitas cousas pero é difícil integrar todo o material nas propostas de traballo.*

Táboas do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (1):	Actualizar a organización de recursos tecnolóxicos do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Elaboración dun inventario de referencia no centro.					
Valor de partida (3)	Existe un inventario incompleto.					
Valor previsto e data (4)	Mellorar e finalizar dito inventario.			Final da segunda avaliación.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun documento de inventario para compartilo co profesorado.	Responsable TIC	30/09/22	Ordenador, procesador de texto e nube de datos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Rexistrar todo o material tecnolóxico existente na base de datos e valorar o seu estado.	Responsable TIC e profesorado	30/04/23	Etiquetaxe común para todo o material		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Establecer un sistema de organización e compartilo co resto do Claustro.	Responsable TIC e Equipo Directivo.	22/06/23	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (1):	Incrementar a creación de recursos dixitais do profesorado, en especial os utilizados na avaliación docente.				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable Formación do Centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación e posta en común de recursos dixitais por parte do profesorado.					
Valor de partida (3)	Non temos un repositorio de recursos nin un sistema para compartilos.					
Valor previsto e data (4)	Aumentar nun 50% os recursos dixitais elaborados polo profesorado.			31/05/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Establecer un sistema entre o profesorado para compartir recursos.	Responsable TIC	30/09/22	Base de datos na nube. Pcs con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Recibir formación específica sobre elaboración de recursos dixitais.	Responsable Formación	31/12/22	Inclusión no Plan de Formación. Pcs con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Introducir recursos dixitais na avaliación do alumnado.	Responsable Formación	22/06/23	AV/Edixgal. Pcs con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (1):	H6 Promover no alumnado o coñecemento e desenvolvemento de actitudes de respecto aos dereitos de autor.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Difusión de infografías referentes a recursos libres.					
Valor de partida (3)	0 infografías no centro.					
Valor previsto e data (4)	1 infografía sobre recursos libres por aula.			Final 1o trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Charla, coloquio, debate sobre a importancia dos dereitos de autor nas producións propias entre alumnado e profesorado.	Equipo directivo	Fin primeiro trimestre.	Lugar de reunión. Persoa formadora. Ordenador e proxector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación de infografías con recursos libres.	Profesorado	Primeiro trimestre	Lugar de reunión. Ordenador e proxector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Promoción e difusión das infografías nas diferentes aulas.	Profesorado	Primeiro trimestre	Impresora. Material para adhesivo. Aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIONES A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Para a avaliación deste Plan terase en conta os seguintes aspectos:

- *Debera realizarse unha **avaliación procesual** unha vez ao trimestre a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, na que se incluírá o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *Realizarase unha **avaliación final** en que incluírá na memoria anual do centro cunha valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

Este Plan será presentado para a súa aprobación aos órganos colexiados do centro, colocarse no apatado de documentación na web e os obxectivos de cada curso serán publicitados nas reunións respectivas de inicio de curso.